



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

ANUNCIO DE CONTRATACIÓN DE ESPECTÁCULO PIROTÉCNICO E DISPARO DE FOGOS DE RUÍDO DE SAN PEDRO 2025 CON PLATAFORMA DE DISPARO DENDE O MAR

O Concello de Muros anuncia a contratación mediante a modalidade de contrato menor o subministro para o “Espectáculo pirotécnico e disparo de fogos de ruído de San Pedro 2025 con plataforma de disparo dende o mar”, por un presuposto de contrata que ascende a 14.000,00 € + IVE, de acordo coa documentación necesaria que se redacta no documento anexo I e que se valorará en función dos criterios establecidos no anexo II.

O prazo de presentación de ofertas rematará o 15/04/2025 e as propostas deberán ser presentadas a través da sede electrónica, sede.muros.gal.

Valor estimado do contrato:	14.000,00 €
Valor estimado do contrato con impostos:	16.940,00 €
Prazo de presentación de ofertas:	15/04/2025

A alcaldesa do Concello de Muros
(asinado dixitalmente)

María Lago Lestón



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

ANEXO I: DOCUMENTACIÓN DE QUE SE DEBE PRESENTAR

1. Proxecto descritivo no que se debe incluír:

- Identificación da empresa de expertos que realice o espectáculo
- Relación de artificios pirotécnicos, tipo, número, cantidade por artificio, total do conxunto e tempo previsto para cada sección ou conxunto homoxéneo
- Secuencia de comezo de disparo entre seccións e orde a seguir neles, incluíndo o esquema de disparo en representación gráfica e simbólica
- Recursos audiovisuais que permitan valorar a calidade visual do espectáculo
- Temporalización e duración total do espectáculo
- Certificado do peso neto en materia explosiva que se vai disparar
- Plano de situación do lugar do disparo

2. Orzamento detallado

3. Seguros

- Certificación de compañía aseguradora ou correduría de seguros da contratación de póliza de seguros de responsabilidade civil asinada pola empresa de expertos, que cubra a actividade de realización do espectáculo solicitado, e que coma mínimo, deberá cubrir un capital de 754.764 € de responsabilidade civil.
- Certificación da compañía aseguradora ou correduría de seguros da contratación de póliza de seguro de accidentes e de responsabilidade civil asinada pola entidade organizadora do espectáculo obxecto da solicitude. Como mínimo, deberá cubrir un capital de 500 € por Kg de materia regulamentada e polo menos 188.722 €.

4. Outras condicións

- As empresas deberán solicitar unha entrevista co concellería de festexos do Concello de Muros para presentar o seu proxecto.
- Posteriormente á realización do disparo e antes da presentación a correspondente factura, a empresa adxudicataria deberá presentar un vídeo no que se recolla a gravación do "Espectáculo pirotécnico e disparo de fogos de ruído de San Pedro 2025 con plataforma de disparo dende o mar".



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

ANEXO II: CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR E NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA ARITMÉTICA

1. Mediante xuízo de valor

a) Proxecto descritivo: Ata 2,50 puntos

2. Criterios avaliados mediante a aplicación dunha fórmula aritmética

a) Oferta económica: Ata 5,00 puntos

A fórmula de aplicación neste apartado será a seguinte:

$$\text{Puntuación total} = \frac{\text{Mellor oferta}}{\text{Prezo licitación} - \text{Diferenza de baixa}} \times 5$$

b) Tempo de disparo: Ata 2,50 puntos